

## **MANIFESTO 25 NOV DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

O maltrato machista, consecuencia máis atroz da desigualdade entre homes e mulleres, segue na nosa sociedade.

Por iso, con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, queremos recordar ás mulleres que o Concello está aí para axudalas a saír desa situación e reiteramos o noso firme **compromiso** de combater tan inxusta e irracional lacra.

Mostra dese compromiso é a existencia dun servizo municipal especializado como é o **Centro de Información ás Mulleres**, que dende o ano 1997 traballa en prol da eliminación da desigualdade e contra a violencia de xénero.

Nos últimos tempos a COVID19 agravou e agachou o problema, pero a debacle da pandemia vén seguida dunha oportunidade para avanzar cara a unha **metamorfose histórica** en todos os eidos, nas bases que rexen o estilo de vida, o emprego dos recursos naturais, a economía, os dereitos e as relacións humanas.

Neste último punto encádrase o **obxectivo de acadar a igualdade de xénero**, principio esencial para unha sociedade xusta, pacífica, próspera, sostible e absolutamente incompatible co maltrato á muller.

Cando consegue saír á luz, a violencia física, máis identificable ou perceptible, é a que fai saltar as alarmas. Pero o maltrato ás mulleres prodúcese acotío, en case todos os ámbitos da vida e baixo distintas formas: discriminación, violencia, vexación, dominio, ameaza, acoso, enmudecemento, privación...

Máis recentemente, nesta lista incluíuse a **violencia vicaria** (non por iso menos cruel), que é aquela que o maltratador exerce contra as persoas que a muller máis quere (normalmente fillos e fillas), coa intención de xerarlle a ela sufrimento ou sometela.

Se ben as estatísticas ao longo dos últimos anos amosan avances importantes nalgunhas formas de maltrato como a ablación, aínda

deixan cifras tremebundas como que case 1 de cada 3 mulleres do mundo de 15 anos ou máis sufriu violencia física ou sexual ao menos unha vez na súa vida.

Aquí, en Galicia, a memoria da Fiscalía Superior de Galicia do ano pasado rexistra 6.073 vítimas da violencia de xénero (1,27% máis que en 2019), 3 asasinatos machistas e un dato moi preocupante: un 84% de renuncias a continuar co proceso xudicial.

Os Concellos somos para a cidadanía a Administración tanxible; o refuxio das persoas cando teñen dúbidas, necesidades, problemas... A confianza que depositan en nós é unha gran responsabilidade que cobra máis peso canta máis gravidade reviste a situación e, fóra de toda cuestión, a vida e integridade das persoas é a maior das prioridades.

Esta relación directa, a nosa capacidade de xestión, xunto co noso coñecemento e acción á hora de dar forma ao modelo de convivencia, convértenos nun actor esencial en calquera política, pero de xeito especial naquelas que inciden directamente nas persoas.

O compromiso do Concello de Burela fronte a violencia de xénero va máis aló de diminuír os rexistros de vítimas; persegue erradicar ese maltrato astuto e invisíbel que oprime de distintas maneiras ás mulleres impedíndolles o seu desenvolvemento e traballa na concienciación para que a igualdade sexa inherente á nosa sociedade.

E dende este posicionamento:

-Instamos ás demais Administracións, institucións, entidades públicas e privadas, axentes sociais e á cidadanía en xeral, a sumarse a esta declaración de denuncia e compromiso para erradicar calquera tipo de violencia contra as mulleres.

-Sinalamos a necesidade dunha abordaxe global e profunda, con liñas de acción sobre todas as formas do maltrato, incidindo non só na asistencia, senón axudando a dar visibilidade a todo tipo de situacións e adoptando medidas de prevención que eviten o sufrimento.

-Reivindicamos a importancia dos Concellos nesa inescusable transformación que debe pór fin ao maltrato ás mulleres e a súa participación na toma de decisións a tal fin.

-Requirimos recursos económicos e humanos para a implementación de proxectos de axuda e empoderamento das mulleres.

-Demandamos a mellora e prioridade das políticas e leis a favor do desenvolvemento das mulleres, garantindo a súa aplicación en calquera espazo e circunstancia a prol de protexer os seus dereitos.

-Subliñamos o valor das mulleres no desenvolvemento social, económico, intelectual e humano e, por tanto, a necesidade de asegurar a súa participación plena e efectiva en todos os niveis de liderado e decisorios da vida política, económica e social, tanto pública como privada.

Nós, pola nosa parte, traballamos (e seguiremos traballando) para que Burela sexa parte activa na erradicación da violencia de xénero.

25 Novembro 2021